

D. Miguel Ángel Delgado González, presidente
PLADESEMAPESGA
Rúa Juan Castro Mosquera 28-2º dcha
15005 A Coruña (A Coruña)

Expediente: I.5.Q/571/20

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Estimado Sr. Delgado:

Como sabe, foi recibido nesta institución o seu escrito sobre a imposibilidade de obter o seu historial clínico completo.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a Consellería de Sanidade. No informe achegado por dita consellería indícase esencialmente o seguinte:

“Polo que respecta á historia clínica solicitada, esta foille remitida pola Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña mediante escrito de 26.09.2019, como así reconece o Sr. Delgado. Pese a que a alegada ocultación de datos non figura acreditada polo interesado, sequera por un mínimo principio de proba, dende esta Secretaría Xeral Técnica procedeuse en data 23.06.2020 a requirir á Xerencia da Área Sanitaria de A Coruña e Cee para que remitan certificación de complitude de historia clínica. En canto dispoñamos da información necesaria e do devandito certificado, procederase a dar traslado do mesmo ao interesado”.

Coa información transcrita e trala conversa telefónica mantida con vostede no día de onte que nos refire que non recibiu a devandita certificación de complitude do seu historial, vemos convinte dirixirnos de novo á devandita Consellería co fin de solicitar a información sobre o envío da certificación da complitude.

En canto recibamos a información que ten remitirnos o devandito órgano, poñerémonos de novo en contacto con vostede, dándolle conta da nosa actuación e, se é posible, da solución do seu problema.

Tamén lle facemos saber que tras indicarnos na conversa telefónica mantida con vostede no día de onte que, tras a entrega do seu historial clínico polo SERGAS en setembro de 2019, solicitou novamente o seu historial clínico para ter constancia do acontecido con posterioridade á data da anterior entrega de historial e que inda non recibiu esta nova entrega, abrimos novo expediente de queixa co número I.5.Q/4251/20 referido a esta nova



solicitude e iniciamos os trámites correspondentes ante a administración sanitaria no día de hoxe.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo